



que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

San Amaro, 4 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Ernesto Pérez González.

R. 1.413

San Amaro

Edicto

O Pleno do Concello de San Amaro, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de abril de 2016, aprobou inicialmente o Regulamento do servizo de velorio municipal. Conforme establece o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, este acordo publícase e sométese o expediente a trámite de información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións ou observacións por un prazo de trinta días, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio. De non presentaren reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional.

San Amaro, 4 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Ernesto Pérez González.

Edicto

El Pleno del Ayuntamiento de San Amaro, en la sesión ordinaria que tuvo lugar el 28 de abril de 2016, aprobó inicialmente el Reglamento del Servicio de Velatorio Municipal. Conforme establece el artículo 49 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, este acuerdo se publica y se somete el expediente a trámite de información pública y audiencia a los interesados para la presentación de reclamaciones u observaciones por un plazo de treinta días, que se contarán desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio. De no presentarse reclamaciones, se entenderá definitivamente aprobado el acuerdo, hasta entonces provisional.

San Amaro, 4 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Ernesto Pérez González.

R. 1.412

Sarreaus

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral temporal que se indica a continuación:

1. Número e denominación das prazas: un oficial de 1ª para mantemento de infraestruturas públicas.
 2. Modalidade de contratación: contrato temporal por obra/servizo determinado a tempo completo.
 3. Duración do contrato: ata o 31.12.2016.
 4. Sistema de selección: concurso.
 5. Prazo de presentación de solicitudes: cinco días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP.
- A partir desta data, en horario de oficina, poderán consultarse as bases.

Sarreaus, 5 de maio de 2016. O alcalde.

Anuncio

Convocatoria para la contratación laboral temporal que se indica a continuación:

1. Número y denominación de las plazas: un oficial de 1ª para mantenimiento de infraestructuras públicas.

2. Modalidad de contratación: contrato laboral temporal por obra/servicio determinado a tiempo completo.

3. Duración del contrato: hasta el 31.12.2016.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Plazo de presentación de solicitudes: cinco días hábiles, contados desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP.

A partir de esta fecha, en horario de oficina, podrán consultarse las bases.

Sarreaus, 5 de mayo de 2016. El alcalde.

R. 1.414

Verea

Edicto

O Pleno da Corporación do Concello de Verea, na sesión extraordinaria con data 29 de abril de 2016, acordou someter o proxecto da obra denominada "Mellora do abastecemento de auga aos núcleos da Parroquia de San Martiño. Concello de Verea (Ourense)", clave OH-232.805, a información pública, por un prazo de 30 días hábiles, contados desde o seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para os efectos de alegacións ou reclamacións.

A contratación e execución da mencionada obra levaraa a cabo a entidade pública empresarial Augas de Galicia, por un importe total de 87.055,10 euros, sendo o orzamento base de licitación de 71.946,36 euros e 15.108,74 euros de IVE.

As alegacións ou reclamacións deberán dirixirse ao Pleno da Corporación, e presentaranse na Secretaría do concello, en días hábiles de 9.00 a 14.00 horas, excepto sábados.

Verea, 4 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Juan A. Martínez González.

Edicto

El Pleno de la Corporación del Ayuntamiento de Verea, en la sesión extraordinaria de fecha 29 de abril de 2016, acordó someter el proyecto de la obra denominada "Mejora del abastecimiento de agua a los núcleos de la Parroquia de San Martiño. Ayuntamiento de Verea (Ourense)", clave OH-232.805, a información pública, por un plazo de 30 días hábiles, contados desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el BOP, a los efectos de alegaciones o reclamaciones.

La contratación y ejecución de la mencionada obra la llevará a cabo la entidad pública empresarial Aguas de Galicia, por un por importe total de 87.055,10 euros, siendo el presupuesto base de licitación de 71.946,36 euros y 15.108,74 euros de IVA.

Las alegaciones o reclamaciones deberán dirigirse al Pleno de la Corporación y se presentarán en la Secretaría del ayuntamiento, en días hábiles de 9:00 a 14:00 horas, excepto sábados.

Verea, 4 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Juan A. Martínez González.

R. 1.394

Vilamarín

Unha vez aprobadas as bases que rexerán a contratación por concurso de 1 chofer de tractor-rozadora, en réxime laboral temporal, a xornada completa, publícase o resumo da convocatoria para xeral coñecemento e chamamento ao concurso.

1. Número de prazas: 1.
2. Denominación: chofer de tractor-rozadora.

3. Modalidade de contratación: contrato por obra ou servizo, de duración determinada, a tempo completo.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Duración do contrato: 5 meses.

6. Prazo e lugar de presentación das solicitudes: 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de Vilamarín, situado na Avda. Santiago Apóstol, n.º 5 (32101 Vilamarín), en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Bases: o texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do concello.

Vilamarín, 2 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Amador Vázquez Vázquez.

Una vez aprobadas las bases que regirán la contratación por concurso de 1 chofer de tractor-desbrozadora, en régimen laboral temporal, a jornada completa, se publica el resumen de la convocatoria para general conocimiento y llamamiento al concurso.

1. Número de plazas: 1.

2. Denominación: chofer de tractor-desbrozadora.

3. Modalidad de contratación: contrato por obra o servicio, de duración determinada a tiempo completo.

4. Sistema de selección: concurso.

5. Duración del contrato: 5 meses.

6. Plazo y lugar de presentación de las solicitudes: 5 días naturales, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento de Vilamarín, situado en la Avda. Santiago Apóstol, n.º 5 (32101 Vilamarín), en horario de 09:00 a 14:00 horas, o a través de cualquiera de los medios que prevé la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

7. Bases: el texto íntegro de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del ayuntamiento.

Vilamarín, 2 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Amador Vázquez Vázquez.

R. 1.410

Xinzo de Limia

Anuncio

Unha vez visto o Acordo plenario con data 15 de febreiro de 2016, do seguinte teor literal:

“Aprobación dos Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

O alcalde pídelle á secretaria que lea o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Sanidade, con data 05/02/2016, con respecto a este punto, do seguinte teor literal:

“1. Aprobación dos Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil

Dáse conta por parte do presidente do proxecto de Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Xinzo de Limia, cuxo contido literal é o seguinte:

“Capítulo I.- Denominación, fins, domicilio e ámbito

Artigo 1.

Coa denominación de Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Xinzo de Limia constitúese unha entidade ao abeiro da Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, e demais normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Pola súa finalidade e ámbito ateranse ao disposto na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil e ao Real decreto 407/1992, do 24 de abril, que desenvolve a Norma Básica; na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia; no Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e no Plan territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) e demais normativa aplicable en materia de protección civil.

Artigo 2.

Esta agrupación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3.

A protección civil municipal ten como fins:

- Establecer unha organización, con base nos recursos municipais.

- Garantir a coordinación preventiva e operativa da protección das persoas e bens diante dos posibles danos, derivados de situacións de emerxencias, grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

- Reducir, reparar os danos e, se é o caso, contribuír a corrixir as causas que os produzan, de maneira fiable, solvente e eficaz.

- Crear e manter unha cultura de autoprotección, potenciando a participación responsable da cidadanía.

Artigo 4.

Para o cumprimento destes fins levaranse a cabo as seguintes actividades:

- Realizar estudos relacionados coa análise de riscos para fomentar a prevención de emerxencias e catástrofes.

- Desenvolver programas e campañas de información á poboación fomentando a participación social.

- Participar na elaboración de plans e procedementos de actuación e na implantación.

- Intervir nas situacións de alarma ou emerxencia de acordo coa formación recibida e os plans de intervención.

- Participar en cursos de formación e adestramento.

- Atención das cuestións e suxestións dos cidadáns.

Artigo 5.

A agrupación ten o seu domicilio social na rúa Curros Enríquez, 15, concello de Xinzo de Limia, provincia de Ourense, CP 32630, ámbito territorial Concello de Xinzo de Limia no que vai realizar principalmente as súas actividades.

Artigo 6.

No momento do inicio das súas actividades, a AVPC carece de patrimonio ningún, polo que non hai patrimonio fundacional.

O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Capítulo II.- Órgano de representación

Artigo 7.

A agrupación será xestionada e representada por unha xunta directiva formada por: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a, un/a tesoureiro/a e catro vogais, se é o caso.

Todos os cargos que compoñen a xunta directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos ou definitiva ata a convocatoria de novas eleccións.

Artigo 8.

Os membros da xunta directiva causarán baixa por renuncia voluntaria, comunicada por escrito a esta, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e/ou por expiración do mandato.

Artigo 9.

Os membros da xunta directiva que tiveran esgotado o prazo para o que foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.